

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 12/06/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

ARGIMIRO SERÉN MERA

DIEGO GARCIA SANTIAGO

MATILDE LAYA LORENZO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MARIA BERMUDEZ OUTON

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 12/06/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 05-jun-2023, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/2074

Dáse conta de escrito presentado pola Asociación de Vehículos Clasicos Monte Lobeira, para a celebración do VII Encontro de Vehículos Antigos Mirador Monte Lobeira, o día 23 de xullo de 2023, e que en atención ao rutómetro que achegan á solicitude, pasará por Vilagarcía en horarios de 11:30 a 11:43 horas aproximadamente, facendo en sentido Caldas de Reis ó Monte Lobeira, pasando pola N-640A, Rodrigo de Mendoza e PO-301, ate a subida ao Monte Lobeira.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que en principio non hai inconveniente na autorización para a realización da proba, sempre que se cumpran as condicións de seguridade para a realización da mesma e dispoñan de persoal de seguridade para atender as necesidades que poidan xurdir.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para o desenvolvemento da proba, comunicandolles que, dado que coincide coa xornada electoral (Eleccións Xerais 2023) non se poderá prestar auxilio por parte da Policía Local, por estar ocupada no desenvolvemento da xornada electoral.

PRP2023/2085

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Movimiento de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L. para subministro dos materiais necesarios para reparación e asfaltado de estradas, por un importe total de 18.142,22€ (IVE incluído), con cargo á partida 1530-210.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

PRP2023/2087

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Baygar, S.L. aluguer dun sanitario para a súa instalación na praia do Preguntoiro (Vilaxoán), por un importe total de 568,46€ (IVE incluído), con cargo á partida 1722-203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2103

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Baygar, S.L. para a reposición de cen valados para o seu uso en distintos eventos, por un importe total de 5.687,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 132-22108. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2187

Dáse conta da proposta do Enxeñeiro Informático en relación á licitación "Renovación do CPD do Concello de Vilagarcía de Arousa":

No BOE do día 1 de setembro de 2022 publicouse a Orde TER/836/2022, de 29 de agosto, do Ministerio de Política Territorial pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais , no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para Concellos con poboación entre 20.000 e 50.000 habitantes.

Na Xunta de Goberno Local do día 28/09/2022 aprobáronse os seguintes acordos (RÉXIME INTERIOR: PRP2022/3308):

1. Solicitar a subvención publicada no BOE do día 1 de setembro de 2022: Orden TER/836/2022, de 29 de agosto, do MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais , no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para concellos con poboación entre 20.000 e 50.000 habitantes. A subvención será dedicada á renovación do C.P.D. do Concello de Vilagarcía de Arousa.
2. Incorporar ao orzamento actual, na partida económica que corresponda a contía de 260.082,59 euros asignada ao Concello, coa finalidade de proceder a licitación e adxudicación da actuación solicitada. Debe terse en conta que da orde publicada no BOE, dedúcese que a subvención solicitada financia o 100% do gasto efectuado.
3. Adxudicar á empresa ZABALA INNOVATION CONSULTING, S.A. a redacción da memoria necesaria para solicitar a subvención, o seguimento ata a resolución de concesión/denegación do proxecto e as tarefas de xestión e xustificación do proxecto por un importe de 17.545 euros IVE incluído con cargo a dúas anualidades (10.890 euros incluído o IVE, con cargo ao ano 2022 e 6.655 euros incluído o IVE, con cargo ao ano

2023). Debido a natureza dos traballos este gasto debe imputarse o 50% con cargo á aplicación presupuestaria de hardware do ano 2021 e o 50% restante con cargo á aplicación presupuestaria de software do ano 2021.

Para poder optar á subvención o Concello aprobou na Xunta de Goberno Local do día 12/12/2022 os seguintes acordos complementarios:

1. Aprobación do proxecto “RENOVACIÓN DO C.P.D. DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, ao que se vai dedicar a subvención publicada no BOE do día 1 de setembro de 2022: Orden TER/836/2022, de 29 de agosto, do MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL
2. Aprobación da participación e aceptación do procedemento regulado na orde TER/836/2022 e a solicitude da subvención.
3. Aprobación do compromiso do Concello de Vilagarcía de Arousa de dispoñer de todos os recursos humanos, técnicos e presupuestarios necesarios para executar o proxecto aprobado e para garantir a súa operatividade.
4. Aprobación do compromiso do Concello de Vilagarcía de Arousa de adoptar as medidas eficaces e proporcionadas para evitar fraude, corrupción, conflito de interese ou dobre financiación ao longo de todo o procedemento, e desenvolverá as actuacións que sexan precisas, para dar pleno cumprimento e satisfacción ás obrigacións que corresponden ao Concello de Vilagarcía

Unha vez presentados no Ministerio de Política Territorial a solicitude de petición de subvención, o proxecto e realizadas as subsanacións solicitadas, o Ministerio resolveu conceder a axuda para o proxecto “RENOVACIÓN DO C.P.D. DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA” por una contía de 260.082,59 euros. Resolución do Ministerio de Política Territorial de data 31/05/2023, con entrada no rexistro xeral do Concello o 01/06/2023.

O importe total da licitación será de 241.982,93 € IVE incluído, debido a que o Concello xa executou parte do proxecto, con recursos propios por valor de 18.099,66. A parte que xa foi adjudicada corresponde á seguridade perimetral, debido a que os cortalumes do Concello entraban en fin de vida en maio de 2023 e por tanto era imprescindible a súa substitución..

Asemade o Ministerio de Política Territorial acordou ampliar o período de execución do proxecto ata o 31/12/2023. Acordo do ministerio con data 02/06/2023 e entrada no rexistro xeral do Concello con data 05/06/2023.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar:

Autorización para proceder á licitación do proxecto “RENOVACIÓN DO C.P.D. DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA” por importe de 241.982,93 € IVE incluído, con cargo á subvención concedida polo Ministerio de Política Territorial (Resolución do Ministerio de Política Territorial de data 31/05/2023) destinada á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais , no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para Concellos con poboación entra 20.000 e 50.000 habitantes.

PRP2023/2188

Dáse conta do escrito da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo comunicando a axuda concedida para elaboración do PXOM.

Por resolución de data 8 de amio de 2023 da directora xeral de Ordenación do Territorio e

Urbanismo, procédese ao reaxuste dos importes das anualidades nas que se ten distribuída a axuda, quedando establecida como se reflicte no seguinte cadro:

Fases de execución	Porcentaxe	Importe	Anualidades
IPAI	20%	53.420,40 €	2023
Aprobación inicial	20%	53.420,40 €	2024
Aprobación provisional	20%	53.420,40 €	2025
Aprobación Definitiva	20%	53.420,40 €	2027

PRP2023/2190

Dáse conta do escrito de Don Sergio Núñez Parada(ficticio), solicitando autorización e colaboración municipal, para a realización un evento deportivo na Praza II República o 5 de Agosto de 2023 (de carácter ficticio)

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.00,00€
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

Así mesmo acordáse aprobar a colaboración municipal coa cesión de 200 vallas, 50 sillas, 10 mesas 1x1, equipo de sonido y megafonía, 5 carpas de 3x3, 2 moquedas de 20x10, 2 moquetas de 10x10.

PRP2023/2215

Vista a proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Industrias San José (Manuel Nogueira Rapariz-Vázquez) con motivo da toma de posesión da Corporación, para o subministro de 14 medallas corporativas de prata de lei con baño de ouro e esmaltes, e 21 pins dourado de prata de lei Escudo Vilagarcía, por un importe total de 7.030,95€(ive incluído), con cargo á partida 912.22601.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2136

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Gráficas Orzán SL para o subministro de impresos de boletíns de denuncia, tamaño 130x200 mm, por un importe total de 1.134,00 € IVE incluído, con cargo á partida 132.22000:

- 5000 impresos de boletín de denuncia en talonarios de 50 xogos triplicados. Primeira folla branca, impresa a 1/0 tintas, segunda folla amarela impresa a 1/1 tintas con liña de perforado en parte inferior e terceira folla rosa impresa a 1/0 tintas, códigos de barras e numeración correlativa. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2023/2194

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de maio de 2023, de dación de conta de Resolución da Consellería de Emprego e Igaldade ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións dirixidas ás entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social, perceptoras de RISGA para a realización da obra ou servizo denominado "Conservación e acondicionamento de infraestruturas municipais e zonas verdes 2023", figurando no mesmo:

....)

A resolución concede unha subvención a este Concello por importe de 170.436,90 € para contratación por un período de 9 meses, a xornada parcial (75%), de 15 traballadores/as desempregados/as (Peóns), en situación ou risco de exclusión social perceptoras do RISGA e inscritas no SPEG como persoas demandantes non ocupadas.

E debendo figurar:

A resolución concede unha subvención a este Concello por importe de 176.436,90 € para contratación por un período de 9 meses, a xornada parcial (75%), de 15 traballadores/as desempregados/as (Peóns), en situación ou risco de exclusión social perceptoras do RISGA e inscritas no SPEG como persoas demandantes non ocupadas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2023/2166

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto de aloxamento de determinados artistas que participan na VI edición do Festival Internacional de Música clasclás 2023 a Pazo o Rial S.A. con CIF A36012904, Hotel Castelao, por un importe total, de 5.453,10 € (4.957,36 + 495,75 do 10 % IVE) con cargo á partida 3261 22699 do proxecto con código 2023-3-CRRTE-4 do orzamento do Festival para 2023.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2167

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda a provisión de fondos a favor da habilitada Dona Luz M^a Abalo Pérez, por un importe total de 8.600,00 € para gastos da VI Edición do Festival Internacional de Música Clasclas, coa seguinte desagregación:

- Gastos de Transporte do Festival, por importe de 1.600,00 €, con cargo á partida 3261.223.
- Gastos de Restauración do Festival, por importe de 5.000,00 con cargo á partida 3261-22609.

- Gastos de Asistencia Técnica do Festival, por importe de 2.000,00 € con cargo á partida 3261.22706.

PRP2023/2185

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a ampliación do contrato de Dña. Cristina Durán Recuna con NIF 35476266P aprobado pola XGL o 03/04/2023, co obxectivo de engadir ao mesmo a “AMPLIACIÓN DE SERVICIOS TÉCNICOS DE SON” polo importe de 100,00€ + 21,00 € do IVE o que fai un total de 121,00€ con cargo á partida 3261 22706 do Proxecto con código 2023-3-CRRTE-4 do orzamento do festival clasclás para o ano 2023.

PRP2023/2191

Vista a proposta da Directora Acctal. da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado plola Empresa Micromedia SL para o subministro de 1.000 tarxetas de préstamo preimpresas a cor a dobre cara, para a realización de carnés para os usuarios da Biblioteca Municipal, por un importe total de 405,35 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2192

Vista a proposta da Directora Acctal. da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos para o subministro de material bibliográfico para a rede municipal de bibliotecas, con cargo á partida 3321.22001:

- Edicións Xerais de Galicia SA, por importe de 1.272,23 € (IVE incluído).
- Editorial Galaxia SA, por importe de 1.098,77 € (IVE incluído).

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2231

Vista a proposta das Concelleiras de Educación e Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as Bases Reguladoras do outorgamento de axudas para estudantes universitarios/as e de ciclos superiores de formación profesional, curso 2022/23, que, residindo en Vilagarcía de Arousa, realicen os seus estudos fóra do termo municipal, cun orzamento total de 66.800,00 €, con cargo ás partidas 231.48003 (33.400,00 €) e 320.48003 (33.400,00 €), cos seguintes tipos de axudas:

- Estudos Universitarios: axuda 425 €
- Estudos Ciclos Superiores : axuda 225 €

PRP2023/2232

Vista a proposta das Concelleiras de Educación e Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases de axudas á educación infantil para familias con nenos/as en educación infantil para o curso 2023/2024, cun orzamento total de 19.180 €, con cargo ás partidas 231.48003 (7.500,00 €) e 320.48003 (11.680 €), realizando unha única convocatoria do

1 ao 30 de setembro de 2023.

MERCADOS

PRP2023/2193

Dáse conta de solicitude de D. Manuel Trencó Nieto, de baixa do módulo 8, lateral dereita, da praza de abastos de Vilagarcía de Arousa así como no Padrón de Mercados por xubilación.

Visto o informe do Xefe de Mercados, e de conformidade co establecido no Art. 23 do Regulamento Municipal de Mercados en vigor, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, con efectos de 30 de abril de 2023, tendose extinguida dende a mesma data a titularidade do devandito posto polos motivos expostos.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2023/2163

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento e adxudicación dos contratos para a realización da acción cultural "Vilagarcía de Arousa, Cidade do Libro 2023", por importe total de 62.212,64 €, coa seguinte desagregación:

Aplicación	Importe	Tercero	Nombre Ter.	Texto Libre
2023 22609	334 1.028,50	G36597714	ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA VELLA ESCOLA	ADX. EXHIBICIÓN BATALLA FREESTYLE RAP. CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22609	334 18.029,00	F15983067	CULTURACTIVA SOC. COOP. GALEGA	ADX. XESTIÓN E HONORARIOS DE PROGRAMACIÓN. CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22609	334 1.815,00	F15983067	CULTURACTIVA SOC. COOP. GALEGA	ADX. ACTUACIÓN HELL BROTHER DE CIRKCOMPACTO NA CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22609	334 3.025,00	F15983067	CULTURACTIVA SOC. COOP. GALEGA	ADX. ACTUACIÓN OPERA BREAKS NA CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22609	334 1.620,19	35321701A	SARTAL TORRES, MANUEL	ADX. VIXIANCIA NOCTURNA NA CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22610	432 900,00	79331367C	PEDREIRA BUJÁN, SUSANA	ADX. GUIÓN E CONDUCCIÓN ""CONVERSAS AO SOLPOR"" OS DÍAS 14,16 E 17 DE XUÑO. CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22610	2314 508,20	B27727635	ARENARIA COORDINACION, S.L.U.	ADX. OBRADOIRO SHERLOCK HOLMES O 17/06. CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22610	2314 16.093,00	F70586763	ARTEFEITO, S.C.G.	ADX. SERVIZOS DE COORDINACIÓN, PRODUCCIÓN E LOXÍSTICA DA CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22610	2314 569,00	B27756402	BARAFUNDA, S.L.	ADX. CICLOCANTOS E CANTIGAS O 13/06 NA CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22610	2314 726,00	15373039T	CRESPO GOMEZ, CARLOS	ADX. MODERADOR CHARLA RAYDEN, IAN GIBSON E ALONSO DE LA TORRE OS DÍAS 13 E 14 DE XUÑO. CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22610	2314 65,00	B15636517	CHEVERE PRODUCCIONS, S.L.	ADX. PRESENTACIÓN OBRA ""35 ANOS DE GRUPO CHEVERE"" O 15/06 NA CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22610	2314 4.573,80	35449729J	GALBAN ZARAGOZA, CARLOS	ADX. INSTALACIÓN EQUIPOS DE SON E ASISTENCIA TÉCNICA DO 13 AO 18 DE XUÑO. CIDADE DO LIBRO 2023

2023 22609	334	6.050,00	35464020K	GOMEZ SUAREZ, LUIS ANGEL	ADX. ACTIVIDADE LITERATOUR DO 13 AO 15 DE XUÑO. CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22610	2314	390,50	32699948C	QUINTEIRO BLANCO, IRENE	ADX. ESPECTÁCULO ""HISTORIA DE BEMOL PEQUEÑO"" O 18/06. CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22610	2314	695,75	B70605464	METROPOLIS VILAGARCIA, S.L.	COMICS ADX. PRESENTACIÓN P REICIÑO DE GALICIA E TORNEO POKEMON OS DÍAS 15 E 18 DE XUÑO. CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22610	2314	968,00	F10906048	OFICINA 360 S COOP GALEGA	ADX. OS CONTOS DE WILLIAN SHAKESPEARE O 15/06. CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22610	2314	343,20	J15869233	ORBITA INFANTIL, S.C.	ADX. DESEÑO E ELABORACIÓN, MONITORAXE DO XOGO TRIVIAL LITERARIO O 14/06. CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22610	2314	302,50	B27763044	PATASDEPEIXE EDITORA S.L.	ADX. CONTACONTOS ""QUEDA SITIO NA VASOIRA"" O 17/06. CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22610	2314	350,00	G36280089	PAVIS PAVOS DE PONTEVEDRA	ADX. CONTACONTOS ""CONTOS QUE METEN MEDO"" O 17/06. CIDADE DO LIBRO 2023
2023 22610	2314	660,00	B15510084	TITERES CACHIRULO, S.L.	ADX. OBRADOIRO EMOCIONÓMETRO E CONTACONTOS ""CON SENTIDO E SENSIBILIDADE"" O 16/06. CIDADE DOO LIBRO 2023
2023 22609	334	3.500,00			GASTOS VARIOS DECORACIÓN CIDADE DO LIBRO 2023
		62.212,64			

Dáse conta da Orde do Ministerio de Cultura e Deporte pola que se convocan subvencións en réxime de concorrencia competitiva "para promoción da lectura e das letras españolas correspondentes ao ano 2023" .

A Orde establece a prosibilidade de acceder á axuda tanto de proxectos a desenvolver en Castelán como nas linguas oficiais das CCAA.

As axudas teñen por finalidade a promoción da lectura entgre o público en xeral, festivais literarios, deiras do libro e accións de promoción da lectura e da lectura de calidade entre a poboación infantil e xuvenil, financiando como máximo o 80% do custe total efectivo de cada actividade subvencionada. O 20% restante deberá financiarse polo Concello mediante os seus recursos.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención ao abeiro da citada Orde do Ministerio de Cultura e Deporte pola que se convocan subvencións en réxime de concorrencia competitiva "para promoción da lectura e das letras españolas correspondentes ao ano 2023" para a realización do proxecto "Vilagarcía Cidade de libro 2023".

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2023/2230

Dáse conta da proposta de sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación Rompetimóns de Carril para a realización de rutas turísticas con

embarcación tradicional, polo que a citada Asociación se compromete a realizar gratuitamente 18 travesías marítimas de dúas horas de duración no galeón Illa de Cortegada polo contorno do Arquipélago de Cortegada durante o período estival e o Concello aboará a cantidade de 6.000,00 € pola realización da citada actividade, con cargo á partida 1720.22699.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o convenio e proceder á súa sinatura.

TURISMO

PRP2023/2128

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda convalidar o gasto correspondente a servizos do tren turístico con motivo da chegada de cruceiros ao Porto de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 550,00 €, con cargo á partida 432.22601, correspondentes a 2 servizos. (275,00 €/cada un):

Consta de 2 facturas de Turístico Silest, S.L. incluídas na seguinte táboa correspondentes a Servizo de desprazamento en Tren Turístico de pasaxeiros dos cruceiros marítimos chegados ao Porto de vilagarcía:

Nº factura	Importe (ive engadido)	Data emisión	de Necesidade que a motiva
5	275	09/05/2023	CRUCEIRO SEVEN SAENA, que estivo en Vilagarcía o 26/04/2023
10	275	30/05/2023	CRUCEIRO SEA CLOUD SPIRIT, que estivo en Vilagarcía o 23/05/2023

PRP2023/2220

A Concellería de Turismo está a traballar na promoción de Vilagarcía como lugar de celebración de concertos pola calidade dos espazos cos que conta, tanto en interior, como son os casos do Auditorio ou do recinto feiral de Fexdega, como no exterior, na Praia da Compostela ou na chamada Zona TIR, nas inmediacións do porto deportivo. Eses eventos supoñen por se mesmos un importante impacto económico na cidade pero ademais teñen un gran valor para dar a coñecer Vilagarcía como destino turístico.

New Live Promociones Culturales, S.L ten unha acreditada experiencia na organización de festivais como o que é obxecto desta proposta.

Por outra parte, as datas elixidas, do 20 ao 23 de xullo, supoñen xerar un forte atractivo en Vilagarcía fora das grandes citas que se celebran aquí no mes de agosto. As actividades programadas realizaranse principalmente nos 3 escenarios que se van instalar na Praia da Concha pero tamén se van levar ao auditorio ou a diversas rúas da cidade.

A previsión de gastos e ingresos que presentan ascende a 600.450,00 €.

PREVISIÓN DE GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE € (SEN IVE)
GASTOS DE PRODUCCIÓN DE EVENTOS	207.950,00
CACHÉ DE ARTISTAS	370.000,00
GASTOS DE VIAJES	1.000,00
ALOJAMIENTOS	12.000,00
PROMOCIÓN Y PUBLICIDAD	9.500,00
TOTAL	600.450,00

PREVISIÓN DE INGRESOS

CONCEPTO	IMPORTE € (SEN
----------	-----------------

	IVE)
AXUDAS SOLICITADAS A ENTIDADES PÚBLICAS	140.000,00
AXUDAS SOLICITADAS A ENTIDADES PRIVADAS	70.000,00
AXUDA SOLICITADA AO CONCELLO DE VILAGARCÍA	45.000,00
PREVISIÓN DE TAQUILLA	185.000,00
OUTROS INGRESOS	10.000,00
APORTACIÓN SOLICITANTE	150.450,00
TOTAL	600.450,00

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión directa dunha subvención, por importe de 45.000 €, a favor de New Live Promociones Culturales, S.L., con CIF B94136066, para a celebración do ATLANTIC FEST 2023, dende o 20, 21, 22 e 23 de xullo de 2023, con cargo á partida 432.48002.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2023/2069

A área de igualdade recolle na área 2, obxectivo cuatro do seu IV Plan de Igualdade a importancia de visibilizar as aportacións que as mulleres de Vilagarcía fan ao mundo da cultura. Neste senso se presenta para a súa aprobación á Xunta de Goberno a realización dunha serie de actividades dirixidas a promocionar a antoloxía verbo-visual que catorce mulleres galegas, algunhas delas veciñas de Vilagarcía, publicaron o pasado 2022.

Deste xeito propónse:

- Realizar unha exposición, na sala de exposicións do Auditorio entre o 9 de xuño e o 15 de xullo, coas obras creadas para este libro.
- Realización dun Obradoiro baseado na exposición o día 14 de xuño das 17,00 ás 19,00.
- Realización dunha presentación do libro o mesmo día 14 ás 19,30 no Parque Miguel Hernández, estas dúas actividades serán levadas a cabo no marco da Cidade do Libro que se celebra en Vilagarcía.

Para a realización desta actividade necesítase asumir as seguintes tarefas e os seguintes custes:

- Transporte da exposición. Será realizado co persoal de Obras Os custos de autopista, serán abonados por persoal da área de igualdade, solicitándose posterior reembolso.
- Montaxe da exposición polo persoal do concello.
- Contratar un seguro para a exposición, que contemple o traslado e a mostra.
- Organizar o desenvolvemento dun Obradoiro e mais dunha presentación do libro. Estas dúas actividades vanse desenvolver no marco da Cidade do Libro.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a celebración da citada actividade e as seguintes adjudicacións:

- Vladimir Vaz Mourao (Editora URUTAU) polo subministro de 20 unidades do libro "Entre Leiras e Labores", por un importe de 160 e (IVE exento), con cargo á partida 2312.22602.
- HISCOX SA, pola póliza de seguro para cobertura das obras da exposición, por un importe de 214,14 €, con cargo á partida 2312.224.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2081

Vista a proposta da Concellería de Persoas Maiores, acórdase aprobar os requisitos que deben reunir os asistentes así como o orzamento para a celebración da XXVII Edición da Romaría das Persoas Maiores, a celebrar o día 1 de xullo do 2023 no recinto de Fexdega, por un importe total de 14.633,10 €, que se desagrega do seguinte xeito:

- Victor Manuel Senín Alba: Servizo de catering para unha estimación de 550 persoas: 13.750,00 €
- Asociación Cultural Coro "Virxen da Renda", actuación: 250,00 €
- Asociación Coral Rosalía de Castro, actuación: 400,00 €
- Baños Print, S.L.: Deseño e impresión de 550 entradas: 133,10 €

Acórdase así mesmo aprobar un prezo público de 9,00 €/persoa, estimando a asistencia de 550 persoas, polo que o orzamento sería o seguinte:

- Orzamento a asumir polo Concello: 9.683,0998 €
- Prezo a aportar polos asistentes: 9,00 x 550 = 4.950,00 €

O prazo de inscrición fíxase do 5 ata o 23 de xuño (ou ben até completar as prazas).

CULTURA

PRP2023/2146

Vista a solicitude de D. Manuel Rodríguez Fontán, en representación de ENGLISH 4 PEOPLE SL e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería o día 17 de xuño, de 2023, así como a cesión de 10 mesas, 200 cadeiras, 1 equipo de son e 1 palco, para a celebración dunha festa de fin de curso e entrega de diplomas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Praza da Peixería: 1 día, 50,90 €
- Palco: 25,45 €
- 10 mesas: 15,25 €
- 200 cadeiras: 20,40 €
- Equipo de son (pequeno): 25,50 €

TOTAL: 137,50 €

Dar conta ao Departamento de Rendas

PRP2023/2148

Vista a solicitude de Dona Begoña Fontán Fajardo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 10 de xuño de 2023, durante toto o día, para a celebración de Festival Fin de Curso, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

. O prezo das entradas será de 5 € e a recadación da súa venda para a solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 51,00 €
- Operarios (2): 61,20 €
- TOTAL: 376,90 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2023/2150

Vista a solicitude de Dona Gema Pizarro Expósito, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 8 de xuño de 2023, durante toto o día, para a celebración de Festival Fin de Curso, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

. O prezo das entradas será: Zona A e B: 4 €; Zona C: 3 €. A recadación obtida pola súa venda será para a solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 61.20 €
- Operarios (2): 61,20 €
- TOTAL: 387,10 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2023/2156

A Asociación Cultural INDANONVAIDESTA solicita á Concellería de Cultura, a colaboración económica, a través de patrocinio co obxectivo de desenvolver o “ALÉN METAL FEST 2023” evento que se desenvolverá no Parque de A Xunqueira o día 9 de xullo de 2023.

Asemade solicitan o uso da Praza da Peixería en caso de choiva.

Dáse conta da proposta da Concellería de Cultura para a sinatura do contrato menor de patrocinio para o desenvolvemento do "ALÉN METAL FEST 2023" cunha aportación municipal de 5.000,00 € con cargo á partida 334.22602, que ten por obxecto a promoción da cultura e asociar a imaxe do Concello de Vilagarcía ao Festival "Alén Metal Fest 2023" facendo constar que non se pode conceder a Praza da Peixería en caso de choiva, dado que a mesma está como espazo dispoñible con motivo da convocatoria de eleccións xerais.

PRP2023/2158

Vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do contrato menor de patrocinio para o desenvolvemento do "AMEIXA ROCK 2023" coa Asociación Cultural "Ameixa Rock" de O Carril, cunha aportación económica por parte do Concello de 5.000,00 €, con cargo á partida 334.22602, que ten por obxecto a promoción da cultura e asociar a imaxe do Concello de Vilagarcía ao Festival "Ameixa Rock 2023" que se vai a celebrar os días 2 e 3 de setembro de 2023 en Carril.

PRP2023/2203

Vista a solicitude de D. José Martín Ventoso Portas, en representación da Comisión de Festas Santa María de Guillán, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da San Antonio en Guillán o vindeiro día 17 de xuño de 2023:

- Actuación da Asociación Cultural Coral Amencer por un importe de 335,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2023/2229

A Resolución do 1 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, cara ao fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, (DOG nº 52 do 15 de marzo de 2023) regulan o procedemento de solicitude, concesión e xustificación para a promoción da actividade artística.

A Xunta de Goberno Local de data 17 de abril de 2023 acordou solicitar subvención ao abeiro da cita Resolución.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local de concesión da subvención en réxime de concorrència non competitiva polo importe solicitado de 3.500,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a aportación municipal, por importe de 5.756,50 €, con cargo á partida 334.22609 para o desenvolvemento do Programa Cultura no Camiño 2023, coa seguinte desagregación:

DATA	GRUPO	ORZAMENTO*
------	-------	------------

15/06/2023	OPERA BREAKS	3.025,00€.-
18/06/2023	CIRKOMPACTO-HELL BROTHERS	1.815,00€.-
15/08/2023	FESTICULTORES	4.416,50€.-
TOTAL PROGRAMACIÓN PREVISTA		9.256,50€.-
SUBVENCIÓN AGADIC		3.500,00€.-
FINANCIACIÓN MUNICIPAL		5.756,50€.-

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2023/2169

Visto o expediente de gasto INT/2023/257 integrado pola relación de xustificantes F/2023/44 por importe de 54.446,02€.

Considerando que algunha das facturas engadidas nesta relación corresponden gastos que son contratos de subministro ou de servizos enviados fora de prazo polo provedor e que poden tramitarse como gasto corrente do exercicio 2023 e non vai afectar ás necesidades económicas do servizo ao longo do exercicio 2023.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

